



Resolución do expediente con código PO-00011399Z(1.1) e titulado Proxecto de ordenación forestal MONTOUTO, Parroquia VILARMEL, Concello Quiroga, Provincia Lugo.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Con data 14/11/2019 tivo entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación o expediente exposto con anterioridade.

Segundo. Seguindo o procedemento estipulado na Lei 21/2013, de 9 decembro o promotor solicitou o inicio da tramitación de impacto ambiental do referido proxecto.

Terceiro. Con data 26/11/2019 e segundo o artigo 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas procedeu a suspender o transcurso do prazo máximo legal para resolver o procedemento e notificar a resolución polo tempo que medie entre a petición e a resolución do procedemento de impacto ambiental polo órgano competente.

Cuarto. Con data 10/12/2019 o servizo de montes de Lugo e seguindo o establecido na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, procedeu a facer as consultas previas aos organismos correspondentes.

Quinto. Con data 27/01/2020 o servizo de montes de Lugo procedeu ao envío para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia do trámite de información pública.

Sexto. Con data 09/11/2020 o órgano ambiental resolveu formular a declaración de impacto ambiental desfavorable.

Sétimo. A proposta asinada polo servizo de montes de Lugo con data 27/01/2021 eleva o expediente á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal para que resolva a súa denegación.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro. Segundo o establecido no artigo 8.1 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia a competencia para resolver correspóndelle á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

Segundo. O expediente foi instruído conforme ao disposto na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, no Decreto 52/2014, de 16 de abril polo que se regulan as instrucións xerais de





ordenación e xestión de montes, e seguindo o establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Polo anteriormente exposto, RESOLVO:

DENEGAR a primeira presentación do Proxecto de Ordenación, con código PO-00011399Z(1.1) e titulado Proxecto de ordenación forestal MONTOUTO, Parroquia Vilarmel, Concello Quiroga, Provincia Lugo, segundo o artigo 81.1 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia. A razón de denegación : Declaración de impacto ambiental desfavorable formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático con data 09/11/2020.

Considérase incorporada a esta Resolución, a Declaración de Impacto Ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático con data 09/11/2020 sobre o proxecto de ordenación forestal MVMC de Montouto, na parroquia de Vilarmel, Concello de Quiroga (Lugo), promovido pola CMVMC de Vilarmel e publicada no DOGA nº 239 en data 26 de Novembro 2020, de conformidade coa Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Contra a presente resolución, a persoa interesada poderá interpoñer RECURSO DE ALZADA no prazo DUN MES dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a Conselleira do Medio Rural, ao abeiro dos art 112 e 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Transcorrido este prazo sen presentarse o devandito recurso, esta resolución adquirirá firmeza en vía administrativa.

Mediante este documento notifícaselle a ARSENIO LÓPEZ GÓMEZ, NIF 34165725F, representante de MVMC DE VILLARMIEL, NIF V27279249 esta resolución segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela,
O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal
Chan Rodríguez, José Luis





DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DE ORDENACIÓN FORESTAL NO M.V.M.C. "MONTOUTO", NA PARROQUIA DE VILARMEL, NO CONCELLO DE QUIROGA (LUGO), PROMOVIDO POLA C.M.V.M.C. DE VILARMEL (CLAVE 2020/0177).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base as súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e, de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro (BOE nº 294 do 6 de decembro), establece no seu artigo 7.1 apartado a) que os proxectos comprendidos no seu anexo I serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

O proxecto ao que se refire esta proposta de declaración atópase incluído no grupo 9. apartado a) punto 2º [Proxectos para destinar áreas incultas ou áreas seminaturais á explotación agrícola ou aproveitamento forestal madeireiro que impliquen a ocupación dunha superficie maior de 10 ha] do citado anexo I, polo que, téndose practicado o referido procedemento, procede formular a súa declaración de impacto ambiental (DIA), conforme o disposto no artigo 41 da dita Lei 21/2013.

1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO

1.1. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é a Comunidade de Monte Veciñal en Man Común (C.M.V.M.C.) de Vilarmel e o órgano substantivo a Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería de Medio Rural.

1.2. Obxecto do proxecto, descrición e localización

Preténdese levar a cabo o proxecto de ordenación do Monte Veciñal en Man Común (MVMC) "Montouto", no lugar e parroquia de Vilarmel, no concello de Quiroga (Lugo) cunha serie de actuacións a realizar ao longo de dez anos, dentro do primeiro Plan Especial 2020-2029, ambos incluídos.

O proxecto de Ordenación Forestal afecta a unhas 1525 ha, das cales 30 ha están formadas actualmente por masas arboradas procedentes de repoboación e 45 ha están formadas por frondosas caducifolias. No Plan de Melloras do primeiro Plan Especial do proxecto de ordenación recóllese a repoboación de 96,9 ha do monte, das cales 31 ha localízanse en Rede Natura, 16,96 ha serían de *Pinus sylvestris* e as restantes de frondosas caducifolias, 5,30 ha de *Prunus avium* e 9,63 ha de *Castanea sativa*.

A localización don monte así como o resumo das superficies indícase na táboa a seguir:

Coordenadas UTM (ETRS89) (m)		Superficie de ordenación (ha)	Superficie de forestación (ha)
X	Y		
655.050	4.706.076	1525	96,9

A continuación inclúese un bosquejo do proxecto achegado polo promotor no marco do trámite de avaliación ambiental (Figura 1):






Figura 1. Actuacións do primeiro Plan Especial do Proxecto de Ordenación Forestal do M.V.M.C. de Montouto

O proxecto de ordenación divide o monte en cinco cuarteis, segundo a función principal de cada un deles e as actuacións que se levarán a cabo:

- **Cuartel 001:** función protectora, ocupado por unhas 820 ha de matogueiras e afloramentos rochosos e unhas 45 ha de masas de ribeira nas proximidades dos regatos, principalmente *Castanea sativa* (castiñeiro) e *Alnus glutinosa* (ameneiro). No presente plan especial non se realizará ningunha actuación.
- **Cuartel 002:** función principal produtora de madeira de calidade de *Pinus pinaster*, *Pinus sylvestris*, *Prunus avium* e *Castanea sativa* e a conservación das matogueiras dominadas por *Erica australis* e representativas do hábitat 4030, Queirogais secos europeos. Neste cuartel repoboarase con piñeiro silvestre en 17 ha e con frondosas caducifolias, castiñeiro e cerdeira (14,93 ha). A superficie do cuartel é de 429,84 ha, das cales 32 ha están poboadas por piñeiros, e as restantes, con matogueira.
- **Cuartel 003:** a función principal será a de produción de madeira de calidade de *Pinus pinaster*, *Pinus sylvestris* e *Prunus avium*. Faranse plantacións de piñeiro silvestre en 48 ha e cerdeira en 17 ha. A superficie total do cuartel é de 184,17 ha, das que 9 ha están arboradas e as restantes 175 ha están ocupados por matogueira.





- **Cuartel 004:** integra unha antiga explotación de lousa de 4,44 ha. Non se realizará ningunha actuación no presente plan especial.
- **Cuartel 005:** integra as Redes de Xestión de Biomasa, que suman en conxunto unhas 40,76 ha.

En canto ás actuacións que se van levar a cabo, dentro do plan de melloras, inclúese:

- Creación de devasas para a defensa contra incendios forestais, realizadas sobre unidades de inventario con mato que constitúen o hábitat de interese comunitario “4030- Queirogais secos europeos”.
- Establecemento de Redes de Xestión de Biomasa (RXB): rozas para a creación de RXB terciarias.
- Conservación de infraestruturas, que inclúen pistas forestais, faixas auxiliares, áreas de devasas, puntos de auga para o seu correcto servizo.
- Creación de dous puntos de auga para a protección dos valores naturais, debido ao alto risco de incendios do monte.
- Deslinde e amolloamento entre comunidades de montes e propietarios e así resolver os conflitos entre lindeiros.

1.3. Principais elementos ambientais da contorna

A nivel hidrolóxico, na zona de actuación atópanse o Regueiro de Montouto, o Regueiro do Val da Cova e o Río de Vilarmel, afluentes do Río Soldón, pertencentes á bacía do Sil.

A vexetación na área de actuación está composta principalmente por matogueiras e afloramentos rochosos pertencentes principalmente ao hábitat 4030 Brezais secos europeos. Ademais, na área de estudo están tamén presentes segundo a Dirección xeral de Patrimonio Natural, os seguintes hábitats naturais de interese comunitario e prioritario (*):

COD. UE	PRIORITARIO (SI/NON)	DENOMINACIÓN
3260	NON	Ríos dos piso Basal a montano
4020*	SI	Queirogais húmidos atlánticos de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i>
4030	NON	Brezais secos europeos
6220*	SI	Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde <i>Thero-Brachypodietea</i>
6410	NON	Prados con Molina
6430	NON	Megaforbios éutrofos higrófilos das orlas de chairas
6510	NON	Pragos de sega de baixa altitude
6520	NON	Prados de sega de montaña
8130	NON	Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos
8220	NON	Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	NON	Rochedos silíceos con vexetación pioneira
8310	NON	Covas non explotadas polo turismo
91E0*	SI	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i>
9230	NON	Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>
9230	NON	Soutos





Ademais, as unidades ambientais que resultan afectadas polo proxecto son as seguintes:

- UA-220 Augas correntes (1 ha)
- UA-260 Bosques húmidos (0,20 ha)
- UA-310 Grandes superficies de breixeiras 855,24 ha)
- UA-311 Grandes superficies de matogueiras de leguminosas inermes (0,03 ha)
- UA-320 Matogueira e medios rochosos silíceos (373,96 ha)
- UA-420 Bosques de carballos caducifolios (25,98 ha)
- UA-425 Bosques seminaturais de *Castanea sativa* (3,60 ha)
- UA-540 Mosaico rural de áreas de montaña (36,69 ha)

Os cuarteis de ordenación situados fóra da Rede Natura presentan unha vexetación similar á inventariada como UA-310 e UA-320. A totalidade das novas plantacións previstas dentro da ZEC “Ancares-Courel”, afectarían a superficies inventariadas dentro da UA-310, dominadas polo hábitat de interese comunitario “Queirogais secos europeos, 4030”.

Entre a fauna catalogada na área de estudo segundo a Dirección xeral de Patrimonio Natural figuran as seguintes especies:

Categoría	Grupo	Grao de protección	
		En perigo de extinción (E)	Vulnerable (V)
Fauna	Anfibios		<i>Chioglossa lusitanica</i> (píntega rabilonga)
	Aves	<i>Aquila chrysaetos</i> (aguia real) <i>Milvus milvus</i> (miñado real) <i>Gallinago gallinago</i> (narcexa, becacina cabra) <i>Vallenus vallenus</i> (avefría, galo da braña)	<i>Circus cyaneus</i> (gatafornela) <i>Circus pygargus</i> (tartaraña cincenta) <i>Perdix perdix subsp. Hispaniensis</i> (perdiz charnela) <i>Scolopax rusticola</i> (arcea)
	Mamíferos	<i>Ursus arctos</i> (oso pardo)	<i>Galemys pyrenaicus</i> (rato de almisce) <i>Myotis emarginata</i> <i>Myotis myotis</i> (morcego rateiro grande) <i>Rhinolophus ferrumequinum</i> (morcego de ferradura grande) <i>Rhinolophus hipposideros</i> (morcego pequeno de ferradura)

O proxecto está tamén incluído na área de distribución potencial do galápagos europeo (*Emys orbicularis*), e limita pola súa parte nordeste co ámbito territorial da proposta de revisión do Plan de Recuperación do Oso pardo (*Ursus arctos*), na área tipificada como potencial para esta especie.

O MVMC tamén se sitúa no ámbito de propostas técnicas de zonificación de Plans de conservación/recuperación de especies ameazadas que se están elaborando na Dirección xeral de Patrimonio Natural. En concreto, na área prioritaria do *Galemys pyrenaicus* (vulnerable) e na Área de presenza/Área prioritaria da *Aquila chrysaetos* (en perigo de extinción).

No que atinxe a espazos protexidos, a maior parte do monte está catalogada como Zona de Especial Conservación “Os Ancares – Courel” (ES112001), e Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) “OS Ancares





Courel" (ES1610100224), incluído na Rede Natura 2000 e clasificado como "Zona 2, Área de Conservación". A zona de actuación localízase tamén dentro dos límites do Xeparque Mundial da UNESCO "Montañas do Courel", tendo consideración de área protexida por instrumentos internacionais. O proxecto inclúese dentro das áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou Zonas de protección de avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión.

No que respecta á paisaxe, o lugar onde se desenvolverá a actuación enmárcase na grande área paisaxística Serras Orientais e Ribeiras Encaixadas do Miño e do Sil, nas comarcas paisaxísticas O Courel, O Incio e Samos – Triacastela e Valdeorras. Unha parte do proxecto de ordenación atópase dentro da Área de especial interese paisaxístico AEIP-01-20 Os Tesos de Montouto. Ademais, este sector está clasificado como solo rústico de especial protección paisaxística polo Plan xeral de ordenación municipal de Quiroga. Nas proximidades existen outras AEIP, como a AEIP-05-07 Paradaseca – Val do Río Soldón e a AEIP-05-15 Cernego. O proxecto localízase nunha paisaxe de montaña conformada por serras agrestes, de cumios angulosos que acadan altitudes de 1.526 m. As coberturas dominantes na serra son as matogueiras e rochedo, aparecendo pequenos bosquetes de ribeira nas marxes dos cursos de auga. Próximas aos núcleos rurais dispóñense as terras de cultivos e soutos, mentres que nas abas dos montes se dispoñen as repoboacións forestais de piñeiros.

En canto ao patrimonio cultural, no ámbito non se atopa ningún elemento catalogado de acordo co catálogo do PXOM de Quiroga, no catálogo do Plan Básico Autonómico ou no rexistro de xacementos arqueolóxicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

2.1. Resumo da tramitación

Mediante anuncio do 08.01.2020, da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Medio Rural (publicado no DOG núm. 17, do 27.01.2020, someteuse a información pública o EsiA e o proxecto de ordenación forestal. Así mesmo, a dita xefatura territorial efectuou o trámite de consultas sobre o estudo de impacto ambiental.

O 30.07.2020 recíbese na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático o expediente ambiental do proxecto, remitido pola Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Medio Rural como órgano substantivo por razón da materia.

O 13.08.2020 a dita xefatura territorial remite diversa documentación para engadirle ao expediente de avaliación de impacto ambiental:

- oficios de consultas aos diversos organismos
- informe da Dirección xeral de Patrimonio Natural dando resposta á consulta efectuada na fase de información pública.

2.2. Resumo da análise técnica do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, os anuncios e certificados de exposición pública, as alegacións ambientais e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EsiA e as súas addendas ou documentación complementaria de ser o caso.

- En canto aos informes, pódese indicar o seguinte:
 - A Xefatura territorial de Lugo da Consellería de Cultura e Turismo indica que no ámbito da actuación non se ven afectados elementos incluídos no catálogo do PXOM de Quiroga, no catálogo do Plan Básico Autonómico ou no rexistro de xacementos arqueolóxicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.





- A Dirección Xeral de Patrimonio Natural emite un informe tendo en conta as consideracións esgrimidas polo Servizo de Conservación da Natureza da Coruña, e conclúe que os principais impactos producidos polo proxecto de ordenación están relacionados coa transformación de superficie ocupada polo hábitat de interese comunitario 4030 (Queirogais secos europeos) en plantacións produtoras de madeira e que tal e como está formulado pode producir afeccións sobre os valores naturais do espazo protexido non sendo compatible, polo tanto, coa preservación dos mesmos.
 - O Instituto de Estudos do Territorio emite un informe no que describe o marco legal da actuación, o proxecto e contido do estudo de impacto ambiental e as características da paisaxe afectada polo proxecto, e analiza o EIIP sobre os efectos do proxecto sobre paisaxe e sobre as medidas de integración paisaxística. Conclúe que o proxecto incorpora un EIIP cuxo contido se axusta formalmente ao disposto na lexislación que o regula e as medidas de integración paisaxística previstas poden considerarse adecuadas para reducir ou mitigar o impacto sobre a paisaxe.
 - O Concello de Quiroga non emitiu informe sobre o EsIA. A unidade tramitadora considerou procedente continuar coa tramitación unha vez esgotado o prazo para a emisión do dito informe.
 - A Confederación Hidrográfica Miño – Sil non emitiu informe sobre o EsIA. A unidade tramitadora considerou procedente continuar coa tramitación unha vez esgotado o prazo para a emisión do dito informe.
- En canto a outra documentación, o expediente contén, ademais do EsIA, o informe global do proxecto.

2.3. Análise técnica do proxecto

Unha vez realizada a análise da documentación aportada, tendo en conta os resultados do proceso de información pública e consultas, cómpre resaltar as seguintes consideracións:

- As actuacións afectan á Rede Natura 2000, en concreto a varios hábitats de interese comunitario, o que implicaría a perda deses hábitats así como a súa fragmentación, en especial o hábitat 4030 Brezais secos europeos.
- De igual xeito afectarían a unha área con presenza de especies protexidas como o oso (*Ursus arctos*), agüa real (con presenza de niño a menos de 5 km da zona de actuación) e outras aves rapaces (*Circus pygargus*, *Circus cyaneus* e outras) recollidas no Catálogo galego de especies ameazadas e que están adaptadas a terreos sen arborado que empregan para a caza e cría e para as cales non se deseñan medidas suficientes coas que evitar os posibles impactos ambientais.
- O estudo de impacto ambiental só analiza os potenciais impactos das forestacións sobre un número moi reducido de especies faunísticas, e como consecuencia, consideran que a actuación é compatible, propoñendo como única medida a de realizar os traballos de roza fóra da época de nidificación da fauna. Trátase dunha medida insuficiente derivada dun inventario da fauna do entorno baseado no estudo bibliográfico.
- Incúmprese o Plan director da rede Natura 2000, ao incluír o EsIA forestacións en terreos con pendentes superiores ao 50% así como pola fragmentación dos hábitats de matogueiras e medios rochosos.





- Existen discrepancias en canto ás superficies a ser forestadas (96,9 ou 91,6ha) e ás especies empregadas (*Castanea sativa* ou *Castanea hibrida*) en diferentes apartados do EsIA.
- As medidas preventivas ou correctoras recollidas no EsIA recibido son de tipo xenérico e no reducen nin corrixen os principais efectos adversos do proxecto. Tampouco se indican medidas compensatorias, que serían de difícil aplicación pola afección da rede Natura 2000 ao 100% da superficie do monte veciñal do promotor do proxecto.
- O EsIA carece dun inventario de hábitats prioritarios e de interese comunitario do monte veciñal en xeral e das zonas de actuación en particular, con visitas a campo que o complementen e plasmado en planos, polo que a diagnose da situación de pre-proxecto estaría incompleta.

Por todo o recollido nos puntos anteriores, conclúese que a execución do proxecto de ordenación forestal do MVMC "Montouto", provocaría impactos ambientais significativos, principalmente sobre a fauna e os hábitats de interese comunitario catalogados que non serían mitigados nin evitados coas medidas recollidas no estudo de impacto ambiental.

3. PROPOSTA

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental, propónse formular a declaración de impacto ambiental nos termos recollidos ao longo deste documento, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Manuel Díaz Cano (asinado electronicamente)
Xefe de Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos

RESOLVE:

Formular a declaración de impacto ambiental DESFAVORABLE do proxecto de Ordenación forestal no M.V.M.C. Montouto, na parroquia de Vilarmel, no concello de Quiroga (Lugo) promovido pola C.M.V.M.C. de Vilarmel.

Esta declaración de impacto ambiental farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e se lle remitirá ao órgano substantivo para os efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

De acordo co artigo 41.4 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan na vía administrativa e xudicial fronte o acto de resolución substantiva do proxecto.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Sagrario Pérez Castellanos (asinado electronicamente)
Directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

